



# BOP

LUNS, 7 DE FEBREIRO DE 2022

N.º 030

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### CONCELLOS

#### CARBALLEDO

##### *Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de xaneiro de 2022 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó cuarto trimestre do exercicio 2021.

O importe total do padrón ascende a doce mil cincocentos doce euros e oito céntimos (12.512,08€), sendo o período voluntario de cobro dende o día 31 de xaneiro de 2022 ao 30 de marzo de 2022 ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 4º trimestre 2021.

NÚMERO DE PÁXINAS: 39

NÚMERO DE RECIBOS: 606

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

**IMPORTE TOTAL: Auga 9.276,20€; IVE: 927,62€; Canon Xunta Cota fixa: 1.273,98€; Canon Xunta Cota Variable: 1.034,28€. Total importe padrón: 12.512,08€.**

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interperse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 31 de xaneiro de 2022.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0208

### FOZ

##### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 19 de xaneiro de 2022, aprobáronse os Padróns do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de novembro e decembro de 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no B.O.P. para consultar o seu contido e presentar as alegacións que estimen oportunas, rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O período de cobro en período voluntario fíxase entre o 24 de xaneiro e o 24 de marzo de 2022.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 26 de xaneiro de 2022.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 0209

---

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

#### **MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE ADICACIÓNS DOS/AS CONCELEIROS/AS DO EQUIPO DE GOBERNO. Expte. 592/2019**

Na sesión plenaria de data 27 de xaneiro de 2022 adoptouse o seguinte acordo en materia do réxime de adicacións cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“PRIMEIRO.- Modificar o réxime de adicacións e retribucións da Delegada de Turismo quedando do seguinte xeito: “Delegada de Turismo: desempeñará as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente, cunha adicación parcial do 18%, debendo adicar un mínimo de 7 horas semanais as súas funcións e percibirá un soldo bruto mensual de 575 € en 14 pagas.”

SEGUNDO.- As anteriores retribucións actualizaranse anualmente segundo incremento anual fixado para os traballadores pola Lei de Presupostos do Estado.”

O que se fai público en cumprimento do disposto na lexislación vixente.

Guitiriz, 1 de febreiro de 2022.- A alcaldesa en funcións (P.D. 2022-0091 de 31/01/2002) Paula Campo Barral.

R. 0210

---

### *Anuncio*

#### **DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ALCALDÍA**

Por decreto de alcaldía nº 2022-0091 de data 31/01/2022 delegouse as funcións de alcaldía na primeira tenente de alcalde, dona Paula Campo Barral, entre os días 1 e 7 de febreiro de 2022, por ausencia da alcaldesa.

O que se publica de acordo co previsto no artigo 44.2 do RD 2568/1896, de 28 de novembro.

Guitiriz, 1 de febreiro de 2022.- A alcaldesa en funcións, P.D. 2022-0091 de 31/01/2022, Paula Campo Barral.

R. 0211

---

## RÁBADE

### *Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei de Facendas Locais, exponse ó público que o Pleno do Concello, en sesión de 31/01/2022 aprobou inicialmente o presuposto municipal, as bases de execución, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o exercicio 2022; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Rábade, 1 de febreiro de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 0212

**TABOADA***Anuncio***EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 2º SEMESTRE DE 2021.**

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **2º semestre** do exercicio **2021** foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 01.02.2022**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de dous meses, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **8 DE FEBREIRO DE 2022 ata 8 de ABRIL DE 2022**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 1 de febreiro de 2022.- O alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 0213